

## ROGOS E PREGUNTAS

- Logo de saber pola prensa de que o rumor de que a Consellería tiña previsto converter en CIFP algúns IES –hoxe mesmo, mentres estabamos aquí reunidos-, preguntamos á Administración que novos centros teñen pensado transformar en IES e se tiñan planificado o que ía pasar co profesorado suprimido e o alumnado. [Os centros que se van converter en CIFP son: Paseo das Pontes, Coroso, Ferrolterra, Politécnico de Lugo, Portobelo, Manuel Antón e Xunqueira; así mesmo está prevista a fusión do CIFP de Fene co IES de Fene. En breve traerán á mesa o Decreto de conversión, para resolver a cuestión do profesorado afectado. O alumnado de ESO e Bacharelato matriculado será derivado a outros centros.](#)
- No seu momento denunciámos a existencia de máis de 200 vacantes que non figuraban na listaxe de vacantes definitivas do CXT; desas vacantes contamos 89 que tiñan o visto e praxe da inspección que non aparecían na resolución definitiva, tras consultar por algún caso específico, a resposta que se nos deu foi que eran erros. Pois ben, preguntamos, trátase de 89 erros? [Tratábase de vacantes que ían estar afectadas polo conversión en CIFP dos anteditos IES, polo que se retiraron da oferta definitiva do CXT.](#)
- Esiximos que esta Administración dea unha solución ao programa de Preescolar na Casa. Demandamos neste caso: primeiro, que se achegue a axuda económica do ano pasado (72.000€); segundo, que se apremie á Política Lingüística a asinar o convenio con ese Programa; e terceiro, que se urxa a Benestar a pagar os 300.000€ que non achegue. Supoñemos que a Consellería é consciente de que estamos ante un programa que, alén de satisfacer a demanda dunha parte da poboación deste país, vai provocar un ERE que afectara ao cadro de persoal que está a traballar nese programa. [Eludiron a resposta e calquera tipo de compromiso para resolver a situación.](#)
- Denunciámos a irregularidade cometida na resolución da comisión de EOE: logo de ter reclamado que se enviasen os criterios de avaliación que empregara a Administración na comisión de baremación – solicitándoo verbalmente e por escrito-, o que non se fixo; e de non ser convocados para a comisión na que se atenderon as reclamacións e de terse publicado a resolución sen a participación sindical nesa comisión, demandamos que sexa de novo convocada a comisión. [Eludiron a resposta.](#)
- Demandamos da Consellería, por enésima vez, que cubran as baixas do profesorado con substitucións que poidan xurdir ata o final de curso. [Quedan xa quince días e polo tanto non van facer ningún chamamento agás para casos moi específicos \(unitarias...\).](#)
- Esiximos un pronunciamento claro da Consellería sobre os rumores continuos a respecto de novos recortes salariais ao profesorado. [A consellería non os ten previstos.](#)
- Vai manter a Consellería a gratuidade de matrícula do persoal funcionario e as súas fillas ou fillos na Universidade, pois sabendo que é unha Resolución reitoral a que acorda esas axudas, tamén é certo que se producen porque está orzamentado pola Consellería. [A Administración eludiu a resposta insistindo en que dependía das universidades, pero ao ser requiridos de novo, o Director Xeral contestou que o negociarán coas universidades, pero eludiu calquera tipo de compromiso, aínda que nalgún momento da discusión dixo que tratarían de manter esas axudas.](#)
- Denunciámos a falta de planificación dos exames das EOIs, nos que non houbo profesorado suficiente para atender a demanda. [A Administración contestou que se mandará profesorado substituto.](#)
- Denunciámos a irregularidade cometida nun curso de Erasmus organizado pola propia Consellería. [Trasladarán a denuncia ao departamento correspondente.](#)
- Solicitamos que se recoñeza de oficio ao profesorado interino os trienios con efectos retroactivo con anterioridade a 2007. [Contestaron que a Administración acordara non recorrer as sentenzas favorables, pero non ía recoñecer de oficio nada nin ía a recoñecerlle os dereitos a quen tiña sentenzas firmes en contra.](#)
- Denunciámos a situación de escolarización do Concello de Ames. [O Director Xeral inhibiuse alegando que hai máis concellos con problemas de escolarización e se lle dará a solución oportuna.](#)
- Sumámonos á denuncia da CIG ao respecto da posibilidade de que compute relixión para a obtención de matrículas de honra. [Eludiron a resposta alegando que trasladarán a nosa denuncia ao departamento competente.](#)